

A AED COLABORA COA ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE DEZA

A INICIATIVA TENTA SENTA-LAS BASES PARA A RECUPERACIÓN DA ASOCIACIÓN E QUE SE EVITE O RISCO DE DESAPARICIÓN DUNHA ORGANIZACIÓN NECESARIA PARA AS PERSOAS CON MINUSVALÍA DA COMARCA

Lalín, 16 de Nadal de 2006.

A organización dun acto de apoio dos empresarios, a apertura dunha conta bancaria e a colaboración económica inicial de Caixanova e a Asociación de Empresarios de Deza, son os pilares sobre os que se asenta a iniciativa de axuda á Asociación de Minusválidos do Deza AMIDEZA e que tenta contribuir a restaurar a capacidade financeira desta última, para a continuidade das súas actividades de apoio a este colectivo na comarca.

Trala solicitude de apoio da organización social, a AED puxo en marcha un conxunto de accións solidarias. Así, e como primeira iniciativa, vense de poñer en servizo unha conta bancaria, aperturada a nome de AED AMIDEZA, na oficina de Caixanova da rúa principal (fonte dos cabalos). A conta corrente foi aperturada cunha importante aportación inicial da entidade financeira, ás que sumarán as aportacións a realizar por empresarios ate o remate das festas de nadal. As colaboracións, de empresas ou particulares, pódense realizar mediante ingreso ou transferencia na conta nº 2080.0429.72.0040120566.

De xeito simultáneo estase a organizar unha cena benéfica, que se vai celebrar no Restaurante Hotel Palacio, o vindeiro xoves 21 de Nadal; a cena está dirixida a empresarios da comarca, que poden reservar a súa praza chamando ó teléfono da Asociación de Empresarios ou directamente nas oficinas de AMIDEZA, nos teléfonos 986781211 e 605915384.

OS MINUSVÁLIDOS NO DEZA

A Asociación de Minusválidos do Deza AMIDEZA conta con 194 asociados, aínda que o número de beneficiados polos seus servizos e actividades é sensiblemente maior na comarca existen preto de 1000 persoas afectadas por algún tipo de minusvalía física moitos deles participan igualmente nas actividades organizadas pola asociación: natación, informática, ximnasia ou manualidades. Ten a súa sede nas instalacións do Centro Social da Praza Calvo Sotelo e desenvolve distintas accións de apoio e formación de persoas con distintas minusvalías físicas de todo o Deza.

Accidentes laborais, de tráfico, xunto con doenzas como as hemiplejías e espondilitis, forman o groso das persoas que, diariamente reciben axuda, actividades e asesoramento desta organización; que atravesou e atravesará momentos difíciles, dende o punto de vista económico, para o mantemento das súas actividades. Esa é a principal razón que move á AED a apoiar esta iniciativa de recadación de fondos, aberta a toda a poboación en xeral e de xeito particular ós empresarios dezás.

Saúdos. OFICINA DE COMUNICACIÓN AED
661708586

asociacion@aeDeza.com
www.aeDeza.org

Rúa da Ponte, 4 Entreplanta. Dereita.
36500 LALÍN (Pontevedra).
Tel:986 78 70 91
Fax:986 78 38 14